

Ao presidente e ao pleno da Corporación do concello de Chantada

MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA DECLARAR O SECTOR AGRO-GANDEIRO COMO ACTIVIDADE ECONÓMICA DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL E IMPULSAR UNHA NOVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBEIS



Exposición de motivos:

Non imos redundar na devastadora crise que padece o sector primario: produtores de porcino, de leite, hortícola... centos de pequenos produtores e explotacións, que producen e sustentan milleiros de postos de traballo, ao borde do abismo e até en moitos casos adquirindo novas débedas que terán devastadoras consecunecias xa non só económicas senón tamén sociais.

O fin das cotas no sector lácteo; a estafa dos fondos europeos, pois só 60 familias de terratenentes recibiron 250 millóns de euros da PAC desde 2008 no Estado español (o equivalente ao orzamento de 45 anos do noso concello que se di pronto); ou o denominado como *catastrazo* supuxeron unha nova volta de porca. Ao tempo, un comercio global deprimido entre outras causas, pola financiarización e a especulación, a extrema desigualdade –85 persoas acumulan globalmente tanta riqueza como a metade máis pobre da humanidade: máis de 3.700 millóns de seres humanos– ou as intervencións imperialistas como a da OTAN en Ucraína que potenciaron as prácticas de *dumping* e sobreproducción a nivel europeo.

Unha crise total que non é só conxuntural nin pasaxeira como nos queren facer crer senón tamén de modelo. De persistir na inacción por parte dos poderes públicos as consecuencias sociais, ambientais e económicas van ser terríbeis e van marcar o devalar das próximas décadas, alén de supor a liquidación definitiva do sector produtivo primario galego fundamentado en explotacións familiares social e ambientalmente integradas no territorio.

A comarca de Chantada depende en boa medida do sector primario, pois aínda sendo xa maioritario o sector servizos este mantense en boa medida por mor adquisicións do sector primario e o mesmo boa parte da modesta industria local.

Desde Por Chantada-CUP levamos insistindo en arbitrar medidas audaces desde o eido local para axudar, dentro das posibilidades da facenda local, a defender os nosos sectores produtivos. Consequimos impulsar unha enmenda, na sesión ordinaria de setembro de 2015, para aprobar por

unanimidade a creación dunha comisión do sector lácteo onde representantes políticos, sindicais e os labregos e labregos se sentasen a falar e debullar propostas e alternativas desde o local. A comisión nunca foi creada, nin tampouco unha fronte de representantes públicos que loitase xunto co sector e acompañase as súas xustas demandas por riba das siglas. Falta e faltou valentía.

No pleno ordinario de marzo de 2016 instamos ao Goberno a estudar as medidas que se adoptaron en Lalín e Silleda para aplicar bonificacións do 95% a invernadoiros, granxas, pallares... Conscientes da incapacidade crónica deste Goberno non agardabamos ningunha proposta para a sesión ordinaria de maio. Non podendo agardar máis o sector decidimos impulsar desde o noso grupo unha moción para facer o que este Goberno non é capaz de facer: defender os intereses das maiorías sociais ás que dicimos representar e pór sobre a mesa medidas concretas e alternativas.

Nese sentido, a *Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras* dispón o que segue:

ARTIGO 7.- Modificación do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Primeiro.- Modifícanse as epígrafes 3 e 4 do artigo 108 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e engádense a dito artigo dúas novas epígrafes, 5 e 6, ficando redixidas da seguinte forma:

3.- A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, as bonificacións a que se refiren as epígrafes seguintes.

4. As ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de até 95 por cento da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a prol dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes.

5.- As ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de até 95 por cento da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou consitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio de terreos, sobre os que se desenvolvan actividades económicas que sexan de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorábel da maioría simple dos seus membros.

6.- A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais das bonificacións a que se refiren as epígrafes anteriores estableceranse na ordenanza fiscal.

Con todo, xa en numerosos plenos instamos a este goberno a atallar os abusos na popularmente denominada como “contribución” contratando unha empresa a tal efecto, para que acollese todas as reclamacións que están xestionando particulares e sindicatos. O único que fixo o Goberno foi contratar unha empresa para unhas casuísticas moi particulares que non solventan axeitadamente unha problemática que ten causado un fondo malestar na veciñanza, consciente de que neste asunto o Goberno central do PP e o concello teñen a súa parte de responsabilidade aínda que a eludan mutuamente e tal como informaba tamén *La Voz de Galicia* o día 6 de abril de 2016.

No pleno ordinario correspondente ao 15 de setembro de 2015 o Goberno de Inta xa se posicionara contra unha moción do grupo socialista que dicía así no referente ao 4º punto do acordo:

4.- Instar ó goberno municipal a que elabore e presente antes de final de 2015 un proxecto de reforma da ordenanza fiscal do Imposto de Bens Inmóbeis, seguindo os criterios seguintes:

- Bonificar os bens inmóbeis afectos á produción agraria e gandeira, por ser esta actividade de especial interese municipal, ó abeiro do disposto no apartado 2 quáter do artigo 74 da Lei de Facendas Locais.
- Reducir o tipo de gravame aplicado ós bens inmóbeis.
- Establecer de oficio un fraccionamento das liquidacións do Imposto de Bens Inmóbeis ós contribuintes afectados pola regularización catastral.

Igualmente, analizamos as diversas iniciativas que sobre este tema teñen tido lugar no parlamento galego e as diversas propostas e medidas que se teñen adoptado noutros concellos.

En conclusión, instamos á Corporación do concello de Chantada a adotar o seguinte **acordo**:

1º) Declarar conforme ao artigo 7.5 da Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras actividade económica de especial interese ou utilidade municipal o sector primario por concorreren circunstancias sociais, culturais e de fomento do emprego que así o xustifican. O sector primario (viticultura, sector lácteo, cárnico, horticultura...) é o sustento dos restantes sectores e motor económico principal xa non só do noso concello, senón a nivel comarcal.

2º) Aprobar a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis para o concello de Chantada que se anexa á presente moción, derrogando así –tal e como se recolle no seu articulado– a ordenanza até o momento vixente, publicada no BOP nº 229 de 31 de decembro de 2003¹.

3º) Remitir á Deputación de Lugo, á Xunta e ao Estado a seguinte declaración institucional:

O concello de Chantada considera que debe adaptarse ao rural e á realidade galega a regularización catastral, xa que é un imposto que grava a riqueza e resulta lesivo para o campo galego, e demanda das diversas institucións que arbitren medidas neste sentido. A Corporación chantadina entende que:

a.- A regularización ignora a realidade agraria galega, equiparando todo volume no rural a un establecemento de natureza produtiva, cando por veces serve ao autoconsumo e outras está desprovisto de rendemento económico.

b.- A regularización catastral, debido á forma de actuación seguida fai recaer sobre o contribuínte a carga de solventar os erros da actualización, que se fai moitas veces sen coñecer o terreo, ignorando o contido real dos volumes, a súa función económica e mesmo a superficie real.

c.- A regularización ignora a estrutura da propiedade agraria galega, pois ao existiren un grande número de pequenas parcelas cómpre para unha mesma explotación numerosas infraestruturas, sendo moitas até de construción tradicional que ficaron en desuso por non se axustar as novas necesidades das explotacións. Isto non supón máis riqueza, senón que é unha característica da fragmentación parcelaria.

d.- A desconexión con outras normas xurídicas fai que o [Real Decreto 595/2015](#) deixe fóra das

¹ http://deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/2003/12/0_2220_9.pdf

bolsas de estudos a familias, dado que a regularización aumenta artificialmente o seu patrimonio damnificando o mundo labrego por partida dupla.

Por iso, a CORPORACIÓN do CONCELLO DE CHANTADA considera axeitado DEMANDAR das diversas institucións:

a.- Un redeseño deste imposto adaptado á realidade rural galega, onde se teñan en conta as variábeis antes citadas e se busque gravar a riqueza onde realmente existe. O sistema de corrección que teñen os concellos, establecendo deducións ou bonificacións e moi limitado e imperfecto, pola falta de competencia para axustarmos a realidade catastral ao estimado.

b.- Amais, o IBI é nestes tempos unha fonte de ingresos estábel á que as maltreitas facendas locais non podemos renunciar. Con todo, deberían establecerse con urxencia supostos de non suxeición ao imposto nos seguintes casos:

- volumes sen valor económico ou destinados ao autoconsumo;*
- deducións e bonificacións obxectivas en instalacións agrarias en función do emprego que xeren, do seu carácter ecolóxico ou da incorporación de sistemas de eficiencia enerxética;*
- deducións e bonificacións subxectivas, cando se trate de titulares xubilados, familias numerosas, novas incorporacións á actividade agraria, ou de unidades familiares complexas;*
- ou mesmo deducións a totalidade dos pequenos produtores como parte da súa contribución á ordenación do territorio e a loita contra os incendios aos que a Xunta destinou só en 2015 160 millóns de euros, o 90% para extinción e o 10% para prevención.*

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBEIS DO CONCELLO DE CHANTADA

Preámbulo

I

O IBI é o recurso fundamental da facenda local e no caso concreto de Chantada en 2015 recadáronse 2.003.453,08€ sumando o IBI urbano, rural e BICES. En 2016, segundo o orzamento vixente, calcúlase recadar 1.732.911,78€ nestes conceptos, o que equivale ao 31'45% das necesidades orzamentares do concello de Chantada.

De feito, moitos analistas teñen sinalado o feito de que é o imposto municipal por excelencia que leva subindo durante todos os exercicios desde 2008, ano do comezo da crise económica, en boa medida porque o resgate encuberto á banca e as medidas contracíclicas impostas desde a UE ameazaron a autonomía e as facendas locais, obrigándoas a crear novas taxas e impostos. De feito, a nivel galego a recadación media dos concellos aumentou desde o comezo da crise un 25% deprimíndose no entanto o gasto público. Un caso especialmente significativo e doloso é o que está acontecendo co coñecido popularmente como *catastrazo* e que contribúe a pór contra as cordas a un maltrato sector primario.

A corporación municipal de Chantada, consciente da capital importancia deste sector para a economía local e para a calidade de vida dos nosos veciños, asume o compromiso de paliar na medida do posíbel esta situación para o que, entre outras medidas, impulsa unha nova ordenanza fiscal reguladora do IBI acorde cos tempos e moito máis completa e rigorosa que a actual.

Así as cousas, o IBI é un imposto fundamental desde a perspectiva da suficiencia financeira que debe reunir calquera sistema tributario e é tamén un imposto patrimonial que grava a riqueza inmobiliaria, tomando como referencia o valor catastral dos inmóbeis, valor que se fixa administrativamente seguindo uns procedementos previstos na lei de Catastro Inmobiliario e que, no caso concreto dos inmóbeis urbanos, ten como alvo situarse en 50% do valor de mercado destes.

II

Canto á capacidade normativa dos concellos en relación co IBI, como acontece tamén co resto de impostos municipais, é moi limitada, especialmente após a recente e non referendada reforma do artigo 135 da Constitución. Os elementos esenciais do imposto regúlanse na Lei Reguladora de Facendas Locais (LRFL) de forma fechada. En rigor, a capacidade normativa dos concellos redúcese a tres aspectos concretos, un deles, na práctica virtual. A saber: a concreción do tipo impositivo aplicábel; a introdución de determinados

beneficios fiscais de carácter potestativo e o réxime específico que se conta para os mesmos; e, finalmente, a aprobación dun recargo sobre as vivendas desocupadas con carácter permanente para garantir a función social da vivenda.

En canto ao tipo impositivo, o primeiro que hai que destacar é que o IBI configúrase como un imposto proporcional, non sendo posíbel aprobar tipos impositivos diferenciados en función do valor catastral dos inmóbeis suxeitos a tributación, o cal permitiría outorgarlle un carácter moito máis progresivo. Isto é así, sen matices, para os inmóbeis urbanos de uso residencial, os inmóbeis rústicos e os de características especiais.

Xa que logo, a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmóbeis só pode fixar un único tipo impositivo para todos os inmóbeis incluídos en cada grupo, con independencia do seu valor, co cal pagan proporcionalmente máis aquelas persoas que menos teñen, ou sexa a maioría social. Apenas no caso dos inmóbeis de características especiais poden fixarse tipos diferenciados atendendo, non ao valor catastral, senón aos distintos tipos de bens inmóbeis de características especiais que dispón a lexislación catastral.

No caso dos inmóbeis urbanos de uso non residencia, a LRFL permite aos concellos fixar tipos diferenciados do xeral, mais só pode aplicarse a 10 por cento dos inmóbeis que, en relación con cada uso, representen o maior valor catastral.

A maiores, durante os últimos catro anos, de 2012 a 2015 ambos inclusive, a normativa estatal obrigou aos concellos a aplicar un recargo sobre o tipo impositivo fixado na ordenanza municipal para os inmóbeis urbanos, recargo que no caso de Chantada se agravaba pola existencia dun Plano de axuste. Tal recargo introduciuno o Real Decreto Lei 20/2011 para os anos 2012 e 2013, prorrogándose sucesivamente a súa vixencia. Isto acentúa a necesidade de reducir os tipos e arbitrar bonificacións nos límites que a lei o permite para a defensa das maiorías sociais e en sintonía coa moción sobre a vivenda aprobada na sesión ordinaria do 7 de marzo.

III

Pola configuración técnica do imposto é moi pouco elástico e a súa recadación non se ve practicamente afectada polo ciclo económico, o que beneficia as facendas locais en época de crise, porque permítelles manter estábel o seu principal ingreso tributario. De feito, os ingresos económicos que o concello de Chantada vai percibir do IBI condicionaranse por dúas variábeis: o valor catastral dos inmóbeis suxeitos a tributación e o tipo impositivo que fixe a ordenanza municipal.

En relación co valor catastral, cómpre dicir que o mesmo actualízase en 2016 en 10% do seu importe, segundo dispón a Lei de Orzamento Xeral do Estado para 2016 atendendo á antigüidade do relatorio de valores que deu pé aos valores catastrais asignados aos inmóbeis do concello. No caso de Chantada

trátase do relatorio total de 12 de decembro de 1988 xunto ao relatorio parcial de 2013 (o *catastrazo*).

En consecuencia, só actuando sobre o tipo impositivo aplicábel se pode anular total ou parcialmente o efecto que sobre as familias ten esta actualización única ao relatorio parcial.

Como en 2016 deixará de aplicarse o recargo de 10 por cento inserido polo RDL 20/2011 para cumprir coa suficiencia financeira non imos tocar o tipo urbano, inserindo a baixada principal dos tipos no rural xunto con bonificacións e medidas que tentan, nos límites fixados pola lexislación vixente, inserir certa progresividade e carácter social na lexislación local, especialmente na fiscalidade municipal.

Daquela, dada a depresión económica que padece a comarca non pode incrementarse de ningunha maneira a presión fiscal sobre as familias, conxelando o recibo urbano do IBI 2016 para o uso residencial nos mesmos importes esixidos en 2015 (sen o devandito recargo polo que baixará) e inserindo as pertinentes bonificacións, coas que a Ordenanza de 2003 non contaba, como a de familia numerosa.

IV

No tocante aos inmóbeis urbanos cun uso distinto do residencial considérase pertinente aproveitar a marxe de progresividade que abre a LRFL para o 10 por cento dos inmóbeis urbanos que, para algúns usos distintos do residencial representan os maiores valores catastrais, fixando un tipo de 1'15% co cal se pide un esforzo ben cativo aos grandes contribuíntes, esforzo que se verá minorado polo carácter deducíbel do IBI na tributación estatal que grave as rendas obtidas polo alugueiro de tales inmóbeis ou ben polo exercicio das actividades económicas aos que os mesmos estean afectos.

Por outras palabras, para a totalidade das vivendas e para a inmensa maioría dos inmóbeis de uso non residencial a presente ordenanza supón unha mellora, especialmente notábel no medio rural onde se arbitran bonificacións de 90 e 95 por cento, segundo os casos. Aquelas liquidacións que poden verse afectadas polo tipo incrementado non representarán menos do 1 por cento do total, manténdose igual ou baixando as restantes.

A LRFL obriga median o seu artigo 73 a concretar na ordenanza fiscal correspondente as bonificacións potestativas que se establecen no artigo 74 da citada disposición legal. Como a ordenanza de 2003 era moi pobre ao respecto e deixaba moitas, senón todas, estas bonificacións potestativas fóra, era preciso unha nova redacción da mesma que atendera a esta xanela para beneficiar a veciñanza, especialmente aliviando o incremento da carga impositiva que padece actualmente o medio rural, dada a fonda crise do rural que está condenando ao feche a numerosas explotacións.

V

Sinalamos na epígrafe II deste preámbulo que hai un terceiro aspecto do imposto sobre o que os concellos teñen capacidade normativa que, finalmente resulta ser máis virtual ca real, cando menos de momento.

Concretamente, referímonos ao recargo sobre as vivendas desocupadas con carácter permanente previsto na epígrafe 4 do artigo 72 da LRFL, precepto coherente coa función social da vivenda recollida na Constitución de 1978, mais incomprendiblemente pendente dun regulamento estatal para beneficio dos grandes propietarios.

Sexa como for, entendemos conveniente establecer dito recargo, aínda faltando desenvolvemento regulamentar por parte do Estado do concepto de vivenda desocupada con carácter permanente e, xa que logo, supeditando a entrada en vigor do correspondente artigo da presente ordenanza á existencia do regulamento estatal correspondente, de conformidade coa xurisprudencia.

Artigo 1º.- Fundamento legal e réxime

De acordo co establecido no artigo 59 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Chantada establece o imposto sobre bens inmóbeis (IBI), cumprindo deste xeito o mandato imperativo contido no devandito artigo.

En consecuencia, neste concello o IBI rexeráse:

a) Polas normas reguladoras deste, contidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Natureza

O IBI é un tributo directo de carácter xeral que grava o valor dos bens inmóbeis nos termos establecidos no RDLex 2/2004, de 5 de marzo, e na presente ordenanza.

Artigo 3º.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbeis rústicos e urbanos e sobre os inmóbeis de características especiais:

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbeis ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufruto.

d) Do dereito de propiedade.

2.- A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos na epígrafe anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmóbel urbano ou rústico ás restantes modalidades no mesmo previstas. Nos inmóbeis de características especiais aplicarase esta mesma prelación, agás cando os dereitos de concesión que podan recaer sobre o inmóbel non esgoten a súa extensión superficial, suposto en que tamén se realizará o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmóbel non afectada por unha concesión.

3.- No caso de que un mesmo inmóbel se atope localizado en distintos termos municipais, entederase, para os efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

Artigo 4º.- Clases de bens inmóbeis para os efectos do impostos

1.- Terán consideración de ben inmóbel a parcela ou porción de solo dunha mesma natureza, encravada nun termo municipal e fechada por unha liña poligonal que delimita, para tales efectos, o ámbito espacial do dereito de propiedade dun propietario ou de ve varios pro indiviso e, no seu caso, as construcións emprazadas no dito ámbito, calquera que sexa o seu dono, e con independencia doutros dereitos que recaian sobre do inmóbel.

2.- Terán tamén a consideración de bens inmóbeis:

a) Os diferentes elementos privativos das edificacións que sexan susceptibles de aproveitamento independente, sometidos ao réxime especial de propiedade horizontal, así coma o conxunto constituído por diferentes elementos privativos mutuamente vinculados e adquiridos en unidade de acto e, nas condicións que determinen os regulamentos de desenvolvemento do Real Decreto 1/2004, Texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, os rochos e prazas de aparcamento en pro indiviso adscritos ao uso e goce exclusivo e permanente dun titular. A atribución dos elementos comúns aos respectivos inmóbeis, aos simples efectos da súa valoración catastral, realizarase na forma que se determine no devandito desenvolvemento regulamentario.

b) O ámbito espacial dunha concesión administrativa e dun dereito de superficie sobre dos bens inmóbeis ou sobre dos servizos públicos aos que se atopen afectos.

c) Os bens inmóbeis de características especiais.

3.- Os bens inmóbeis clasifícanse catastralmente en urbanos, rústicos ou de

características especiais. O carácter urbano ou rústico do inmóbel dependerá da natureza do solo.

4.-Enténdese por solo de natureza urbana o clasificado polo planeamento urbanístico coma urbano, o que teña a consideración de urbanizábel segundo o planeamento e estea incluído en sectores, así coma o resto do solo clasificado como urbanizábel a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenvolva, e o que reúna as características contidas na lexislación urbanística. Terán a mesma consideración aqueles solos nos que se poidan exercer facultades urbanísticas equivalentes aos anteriores segundo a lexislación da Comunidade Autónoma de Galiza vixente.

Exceptúase da consideración de solo urbano o que integre os bens inmobles de características especiais.

5.-Enténdese por solo de natureza rústica aquel que non sexa de natureza urbana nin estea integrado nun ben inmóbel de características especiais.

6.-Terán a consideración de construcións:

a) As edificacións, sexan cal sexan os materiais dos que estean construídas e o uso ao que se destinen, sempre que se atopen unidos permanentemente ó solo e con independencia de que se alcen sobre da súa superficie ou se atopen encravados no subsolo e de que poidan ser transportados ou desmontados.

b) As instalacións industriais, comerciais, deportivas de recreo, agrícolas, gandeiras, forestais e piscícolas de auga doce, considerándose coma tales, entre outros, os diques, tanques, zonas de carga, peiraos, portos e invernadoiros, e excluíndose, en todo caso, a maquinaria e os útiles.

c) As obras de urbanización e de mellora, tales coma as explanacións, e as que se realicen para o uso dos espazos descubertos, coma son os recintos destinados a mercados, os depósitos ó aire libre, os campos para a práctica do deporte, os estacionamentos e os espazos anexos ou accesorios ós edificios e instalacións.

Non terán a consideración de construcións aquelas obras de urbanización ou mellora que determinen os regulamentos de desenvolvemento da Lei do Catastro Inmobiliario, sen prexuízo de que o seu valor se deba incorporar ao do ben inmóbel coma parte inherente ao valor do solo, nin os cubertos ou alpendres de escasa entidade.

7.- Os bens inmóbeis de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificacións, instalacións e obras de urbanización e mellora que, polo seu carácter unitario e por estar ligado de xeito definitivo para o seu funcionamento, se configura para os efectos catastrais coma un único ben inmóbel.

Considéranse bens inmobles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

- a) Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refinado de petróleo, e as centrais nucleares.
- b) As presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas en exclusiva ao regadío.
- c) As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.
- d) Os aeroportos e portos comerciais.

A efectos da inscrición destes inmobles no Catastro e da súa valoración non se excluírá a maquinaria integrada nas instalacións, nin aquela que forme parte das mesmas ou que estea vinculada funcionalmente a elas.

E iso coas especificacións contidas no artigo 23 do Regulamento de desenvolvemento do Catastro Inmobiliario aprobado por RealDecreto 417/2006 de 7 de abril, na súa redacción dada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007.

Artigo 5º. Supostos de non suxeición

Non están suxeitos ao imposto:

-As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto.

- Os seguintes bens inmóbeis propiedade deste Concello:

- a) Os de dominio público afectos ao uso público.
- b) Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello e os bens patrimoniais, excepto cando se trate de inmóbeis cedidos a terceiros mediante contraprestación.

Artigo 6º.- Exencións

1.- Estarán exentos os seguintes inmóbeis:

- a) Os que sexan propiedade do Estado, das comunidades autónomas ou dos entes locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e aos servizos educativos e penitenciarios, así coma os que sexan propiedade do Estado afectos á Defensa estatal.
- b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.
- c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, e

os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución de 1978.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmóbeis aos que sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular ou aos seus organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, que teñan coma aproveitamento principal a madeira e a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados polos camiños de ferro e os edificios encravados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensábel para a explotación de ditas liñas. Non están exentos, daquela, os establecementos de hostalaría, espectáculos, comerciais e de lecer, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

2.-Igualmente, previa solicitude, que deberá ser apresentada antes da data do devindicación, incluíndo a acreditación do cumprimento dos requisitos esixíbeis para a aplicación da exención, estarán exentos:

a) Os bens inmóbeis que se destinen ao ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de concerto educativo, encanto á superficie afectada ao ensino concertado. Esta circunstancia acreditarase mediante:

-Certificado da Administración educativa correspondente, acreditativa da condición de centro concertado, asinábel aos edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de concerto.

- Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos complementarios da ensinanza e de asistencia docente de carácter necesario, coa indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados.

Esta exención deberá ser compensada pola Administración competente.

b) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral a que se refire o artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así coma os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da dita lei.

Esta exención terá os límites previstos no artigo 62.2.b) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por RD Legislativo 2/2004.

c) A superficie dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta circunstancia acreditarase mediante certificación acreditativa emitida pola Delegación Provincial da Dirección Xeral de Montes. Esta exención terá unha duración de 15anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.

3.- Están exentos os bens inmóbeis situados no termo municipal deste Concello dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean afectos ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. Esta circunstancia documentarase mediante certificado do organismo titular do centro sanitario, acreditando a afectación do centro ao cumprimento dos fins específicos destes.

4.- Por último, e segundo o establecido no título I, capítulo III, artigo 15, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, estarán exentos os bens dos que sexan titulares as entidades sen fins lucrativos, excepto os afectos a explotacións económicas non exentas do imposto sobre sociedades. Para gozar da exención, as ditas entidades deberán comunicar ao Concello, antes da data da devindicación do imposto, a opción regulada no artigo 14.1. da Lei 49/2002.

5. Gozarán, así mesmo, de exención, ao abeiro da habilitación contida no artigo 62.4 do [Real Decreto Legislativo 2/2004](#), por motivos de eficiencia e economía na xestión recadatoria, os inmóbeis de natureza urbana e rústica, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 10 euros (para inmóbeis de natureza urbana) e 6 euros (para inmóbeis de natureza rústica). No caso de que todas as cotas dun suxeito pasivo relativas aos bens rústicos que posúa no concello estean agrupadas nun único documento de cobro, tomarase como referencia esta cota agrupada aos efectos de aplicar esta exención. Os bens inmóbeis de características especiais non estarán exentos por esta causa en ningún caso.

Artigo 7º.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que teñan a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito impositivo deste imposto, conforme ao disposto nesta ordenanza fiscal.

No caso de bens inmóbeis de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia nun ou varios concesionarios, cada un deles serao pola súa

cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmóbel directamente vinculada a cada concesión.

Para esa mesma clase de inmóbeis de características especiais, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o Ente ou Organismo Público ao que se refire a epígrafe segunda do número 1 do artigo 63 do Texto Refundido de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004 na redacción dada pola Lei16/2007, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda orzamentar satisfeita.

O disposto na epígrafe anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

As Administracións Públicas e os entes ou organismos considerados suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e a construción directamente ligada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

Artigo8º.- Afección real e responsabilidade

1.- Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmobles obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ó pagamento da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos pola Lei Xeral Tributaria.

2.-Para os efectos anteditos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto de Bens Inmóbeis asociadas ao inmóbel que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración do imposto, cando tal obrigación se manteña por non terse achegado a referencia catastral do inmóbel, conforme a epígrafe 2 do artigo 43 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da débeda tributaria e, asemade, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, por non efectualas en prazo ou presentar declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme o previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.

3.- Responderán de xeito solidario da cota deste imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei58/2003, Xeral Tributaria, se figuran inscritos coma tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a

responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

Artigo 9º.- Base imponible

A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmóbeis, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme o disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

A base imponible dos bens inmóbeis de características especiais non terá redución de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do TRLRFL na súa redacción dada pola Lei 16/2007.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

Artigo 10º.-Base liquidable

1.- A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible a redución á que se refiren os artigos 67, 68, 69 e 70 do RDL. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A base liquidable nos bens inmóbeis de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que contemple a lexislación.

2.- A base liquidable notificarase conxuntamente coa imponible nos procedementos de valoración colectiva. A dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que corresponda ao inmóbel, así coma dos importes da dita redución e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral neste imposto.

Sen prexuízo do anterior, que será aplicable nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, nos casos de carácter parcial e simplificado, a motivación consistirá na expresión dos datos indicados no parágrafo anterior, referidos ao exercicio en que se practique a notificación.

3.- Nos procedementos de valoración colectiva, a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do catastro e recorríbel perante os tribunais económico-administrativos do Estado.

Artigo 11º.-Cota íntegra

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame ao que se refire o artigo 13º desta ordenanza.

Artigo 12º.-Cota líquida

A cota líquida deste imposto será o resultado de minorar a cota íntegra co importe das bonificacións previstas nos artigos seguintes.

Artigo 13º.-Tipo de gravame

Os tipos de gravame aplicábeis neste concello serán os seguintes:

- a) Bens inmóbeis de natureza urbana: 0,60 por cento.
- b) Bens inmóbeis de natureza rústica: 0,30 por cento.
- c) Bens inmóbeis de características especiais: 1,30 por cento.

Sen prexuízo do disposto na epígrafe a), para os inmóbeis urbanos, excluídos os de uso residencial, que igualem ou superen o valor catastral fixado como referencia para cada uso na táboa seguinte, resultará de aplicación o tipo impositivo incluído en dita táboa.

USOS	VALOR CATASTRAL A PARTIR DO CAL SE APLICA O TIPO DIFERENCIADO (EUROS)	TIPO DIFERENCIADO APLICÁBEL
Oficinas	100.000	1,15 por 100
Almacén-estacionamiento	100.000	1,15 por 100
Comercial	135.000	1,15 por 100
Lecer e hostalaría	150.000	1,15 por 100
Industrial	300.000	1,15 por 100
Deportivo	500.000	1,15 por 100

En todo caso, o tipo de gravame diferenciado a que se refire esta epígrafe apenas poderá aplicarse, como máximo, a 10 por cento dos bens inmóbeis do termo municipal que, para cada uso, teñan o maior valor catastral.

Artigo 14º.- Recargo sobre bens inmóbeis de uso residencial desocupados

Os bens inmóbeis de uso residencial que se encontren desocupados con carácter permanente ficarán suxeitos a un recargo do 50% da cota líquida do imposto para garantir a función social da propiedade recollida no artigo 33.2. da Constitución de 1978.

Dito recargo, que se esixirá aos suxeitos pasivos deste tributo e ao que resultará aplicábel, no previsto neste artigo, as disposicións reguladoras do mesmo, devindicarse a 31 de decembro e liquidarase anualmente, unha vez constatada a desocupación do inmóbel, xuntamente co acto administrativo polo que esta se declare, en consonancia co artigo 72.4 do RD-L 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

A entrada en vigor do presente artigo supeditarase á aprobación do regulamento estatal que estableza as condicións do que debe entenderse por desocupación tal e como recolle diversa xurisprudencia dos Tribunais Superiores de Xustiza (Andalucía REC 134/2008, Catalunya REC 373/2009 e Asturias REC 71/2014). Toda vez que este regulamento sexa aprobado farase operativa esta previsión legal na casuística que o devandito regulamento recolla.

Artigo 15º.- Bonificacións

1.- Contarán cunha bonificación do 50 por cento na conta íntegra do imposto, sempre que así o soliciten os interesados antes do inicio das obras, os inmóbeis que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparábel a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras até o posterior ao remate destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude de bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento de outorgamento da licenza, por parte da Administración municipal.

Para gozar da devandita bonificación os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

b) Acreditación de que o inmóbel obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade ou fotocopia do último balance presentado ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, para os efectos do imposto sobre sociedades.

c) Copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.

d) Copia do documento de alta na actividade económica de construción ou promoción inmobiliaria no imposto sobre actividades económicas (IAE).

e) Certificación do técnico-director das obras de construción, visado polo colexio oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.

2. As vivendas de protección pública e as equiparábeis a estas segundo a normativa da Comunidade Autónoma de Galiza, gozarán dunha bonificación de

50 por cento durante o prazo de tres períodos impositivos, contados desde o período seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración daquela e producirá efectos desde o período seguinte ao da solicitude.

Ao longo dos dous períodos cuarto e quinto seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección pública gozarán dunha bonificación de 25% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmóbel e este constitúa a residencia do titular.

Esta bonificación deberá solicitarse en calquera momento anterior ao remate dos cinco períodos, producindo efectos, en todo caso, desde o período seguinte ao da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmóbel, a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmóbel, copia que acredite a presentación do modelo 901 de alteración de titularidade catastral, e facilitarase, en todo caso, a referencia catastral do inmóbel.

Non haberá dereito a bonificación a partir do sexto exercicio, inclusive, desde o de outorgamento da cualificación definitiva.

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estea empadroadado, coas seguintes características:

Terán dereito a unha bonificación de entre 20 e 90 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.

Esta bonificación concederase por petición do interesado, exclusivamente para a vivenda que constitúa a súa residencia habitual, entendéndose por residencia habitual aquela en que figure empadroadado, e sempre que o valor catastral da mesma non supere os 100.000euros, de conformidade cos seguintes supostos:

a) Bonificación de 90%, cando a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, sexa inferior ou igual ao Indicador de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

b) Bonificación de 70%, cando a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, sexa inferior ou igual ao IPREM multiplicado por 1,5 e superior á cantidade prevista na alínea a).

c) Bonificación de 50%, cando a renda neta da unidade familiar dividida polo número de membros, sexa inferior ou igual ao IPREM multiplicado por 2 e superior á cantidade prevista na alínea b)

d) Bonificación de 20% cando a renda neta da unidade familiar, dividida polo número de membros, sexa superior ao IPREM multiplicado por 2.

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible que o interesado a solicite, debendo acreditar:

a) A condición de categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.

b) Para gozar desta bonificación deberá presentar, anualmente, unha copia compulsada do título de familia numerosa.

c) Os suxeitos pasivos deberán acreditar a renda neta da unidade familiar ou autorizar a petición de datos á Axencia Tributaria. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que os ditos ingresos.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

Con carácter xeral, o efecto da concesión da bonificación comezará a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non terá carácter retroactivo.

4.-Terán dereito a unha bonificación de 95 por cento da cota íntegra e, no seu caso, do recargo provincial, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre o réxime fiscal das cooperativas.

Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, emitido pola administración correspondente.

5. Terán dereito a unha bonificación de 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao da finalización da súa instalación, os bens inmóbeis destinados a vivenda habitual dos suxeitos pasivos deste imposto, no seguinte suposto:

- Que se instalaren sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. Será necesario, en todo caso, que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4m² por cada 100m² de superficie construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 1Kw por cada 100m² de superficie construída. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente. Desta arte, deberá acreditarse que se solicitou e ten concedida a oportuna licenza municipal.

6.-Cando logo de pasar os controis técnicos pertinentes, o inmóbel sexa certificado coas seguintes cualificacións da súa eficiencia enerxética:

Cualificación enerxética	Bonificación
A	20%
B	15%
C	10%
D, E, F, G	0%

Ningunha das anteriores bonificacións das epígrafes 5 e 6 deste artigo se outorgarán cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar ou a propia certificación enerxética sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.

Estas bonificacións terán carácter rogado e fornecerán efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite ante o Concello o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.

As solicitudes serán enviadas ao Concello, coa documentación que as acompaña, ao Técnico Municipal que, valorando que se reúnan os requisitos esixidos informarán favorábel ou desfavorabelmente sobre a súa concesión.

7.- Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbeis en que estean instalados unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración polo Pleno do concello de Chantada de acordo co artigo 7º.5 da Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, modificando dito artigo o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo.

No suposto que nun mesmo inmóbel existan, amais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación de 50 por cento da cota íntegra do imposto.

A bonificación terá carácter rogado e terá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de Facenda en que conste a situación censal do solicitante.
- Acreditación da titularidade catastral do inmóbel.

- Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.

-Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.

O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

8.- Bonificación de até 90 por cento na cota íntegra a prol dos bens inmóbeis urbanos situados en áreas ou zonas do concello que, conforme á lexislación e á ordenación urbanística, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa ligazón ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro, forestal, pesqueiro ou análogas e que dispoñan dun nivel de servizos de competencia municipal, infraestruturas ou equipamentos colectivos inferior ao existente nas áreas ou zonas consolidadas do mesmo, sempre que as súas características económicas aconsellen unha especial protección, en consonancia co recollido no artigo 74 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

a.- A bonificación terá carácter rogado e terá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo. Deberá presentarse:

- Acreditación da titularidade catastral do inmóbel.

- Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.

b.- Poderán acollerse a esta bonificacións os inmóbeis que cumpran os seguintes requisitos:

- que estean situados en núcleos de poboación rurais que non contén con sumidoiro, depuración de auga, recollida selectiva do lixo e outras infraestruturas ou equipamentos colectivos existentes en áreas consolidadas do concello;

- que sexan inmóbeis recollidos como tradicionais polo plan de ordenación urbanística vixente, de acordo coa súa tipoloxía;

- no caso das vivendas, que sexan a vivenda habitual do/a solicitante.

O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación de acordo coa ordenación urbanística vixente.

9.-Respecto as solicitudes de bonificacións, previo informe técnico, ditarase resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. O prazo da resolución será de tres meses a contar da entrada no rexistro municipal da solicitude.

10.-As bonificacións recollidas nas epígrafes 2 parágrafo 2º e 3 deste artigo serán compatíbeis, sen que, en ningún caso, poidan exceder de 60% da cota íntegra de forma acumulativa. A bonificación da epígrafe 1 deste artigo non será compatíbel con ningunha outra, salvo precepto legal que dispoña a compatibilidade.

Artigo15º.- Período impositivo e retribución

- 1.- O imposto retribuirase o primeiro día do período impositivo.
- 2.- O período impositivo coincide co ano natural.
- 3.-Os feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación perante o Catastro Inmobiliario, terán efectividade na devindicación deste imposto inmediatamente posterior ao momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmóbeis de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo16.º.- Declaracións catastrais

As alteracións referidas aos bens inmóbeis susceptíbeis de inscrición catastral que teñan transcendencia para os efectos deste imposto determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no catastro inmobiliario, conforme o establecido na súa normativa reguladora.

Artigo17º.- Xestión do imposto

A xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión dos actos ditados en virtude da xestión tributaria deste imposto levarase a cabo conforme o preceptuado nos artigos 7, 8 e 77 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para alén das demais disposicións que resulten de aplicación.

Artigo18º.- Revisión

1.Os actos de xestión e inspección catastral do imposto serán revisábeis nos termos e de acordo cos procedementos sinalados no RD Lex. 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e no RD Lex. 1/2004, Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

2. Os actos de xestión tributaria do imposto serán revisábeis conforme o preceptuado no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais concordantes de aplicación.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal substitúe a *Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles* aprobada o 10 de novembro de 2003 polo Pleno do concello de Chantada e publicada no BOP o 31 de decembro de 2003.

Esta nova ordenanza, que substitúe a anterior, foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 9 de maio de 2016, entrará en vigor no día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia (BOP), após o prazo fixado polo artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2017, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.